

Os socialistas de Baralla denuncian “o abandono absoluto” no que o Alcalde ten os espazos públicos do Concello

Esixirán ó goberno local que no vindeiro Pleno dé explicacións de por que “o Concello non está a facer nada para arranxar as beiravías da Avenida de Fabeiro que, malia ser unha zona moi transitada, constitúen un grave risco para os viandantes ó atoparse a pavimentación “totalmente levantada”

Lamentan que Capón, “malia ser coñecedor do problema, non fose quen de amañar aínda esta avenida que leva así anos”, o que demostra, “a falta de compromiso que ten cos cidadáns. Se un Alcalde non mira pola súa seguridade, acaba e vámonos”

Tendo en conta que estas non son os únicos elementos do municipio que presentan notables deficiencias, o PSOE solicitará ó Rexedor que no Orzamento do vindeiro ano se inclúa unha partida específica para mellorar e subsanar este tipo de actuacións

O grupo municipal socialista de Baralla denuncia o “abandono absoluto” no que o Alcalde ten algúns espazos públicos deste municipio. Deste xeito, o secretario de organización do PSOE, Manuel Fernández, anuncia que no vindeiro Pleno esixirán ó goberno local que dé explicacións de por que “o Concello non está a facer nada para arranxar, por exemplo, as beiravías da Avenida de Fabeiro que, malia ser unha zona moi transitada polos viandantes e veciños da localidade ó estar situadas moi preto do cuartel da Garda Civil, dende hai anos “están totalmente levantadas”, o que provoca que sexan un grave risco para a seguridade dos cidadáns.

Neste senso, Fernández, subliña que “o seu estado é deplorable. Dende que se fixeron, o Concello non volveu a totalas. Calquera que pase por esta zona pode comprobar como a pavimentación está totalmente levantada. O abandono é tal que, se unha persoa maior ou un neno pasa por alí, pode tropezar e caer, ocasionándose un dano que pode ser irreparable”. Por elo, o socialista lamenta que o Alcalde do municipio, Manuel Capón, “malia ser coñecedor do problema, non fose quen de amañar esta avenida que leva así anos”, o que demostra, asegura, “a falta de compromiso que ten cos veciños. Se un Alcalde non mira pola súa seguridade, acaba e vámonos”, concluíu.

Tendo en conta que as beiravías do núcleo urbano non son os únicos elementos que presentan deficiencias, e que é urxente arranxar o antes posible, o PSOE solicitaralle ó Rexedor que no Orzamento do vindeiro ano se inclúa unha partida específica para mellorar e subsanar este tipo de actuacións. “Esta non é unha cuestión que os socialistas nos sacamos da manga, é unha cuestión de extrema necesidade. O que queremos evitar é que se poida producir algún suceso do que nos teñamos que lamentar todos. Unha vez que pase, de nada serve botarse as mans á cabeza. Sempre é mellor previr que curar, así que esixiremos ó Alcalde que tome medidas”.

22 de novembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo